

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): 3 meses.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª pranta)

c) Localidade: Lugo.

d) Data: O segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 155,10 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 9 de outubro de 2008.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 05059

MEIRA

Anuncio

Por acuerdo plenario de data de 22 de agosto de 2008, aprobouse provisionalmente o Regulamento das Escolas Deportivas Municipais de Meira e, ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procédese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os obxectivos principais das Escolas Deportivas Municipais son: o desenvolvemento integral das persoas; educar empregando como medio o deporte; transmitir actitudes, costumes e valores sociais dende o divertimento; transferir ó alumno coñecementos sobre o seu propio corpo así como dos diversos deportes que se podan practicar; promover e fomentar o desenvolvemento do deporte, así como a relación social dos seus participantes; iniciar a nenos e maiores na práctica deportiva e en deportes concretos; desenvolver un

deporte base que poda servir de sustento para os equipos e clubs deportivos asentados na localidade e no entorno.

Artigo 1.- Obxecto.

O obxecto das Escolas Deportivas Municipais é o de realizar unha serie de actividades deportivas de carácter voluntario e que poderán ir dirixidas a distintos colectivos.

Este servizo poderá prestarse directamente por persoal do Concello ou ben a través dun terceiro, pero sempre baixo a supervisión de persoal cualificado para elo.

Artigo 2.- Actividades e prazas.

Antes do inicio de cada tempada concretaranse as actividades a realizar e as prazas dispoñibles para cada unha delas.

As prazas cubriranse por orde de inscrición, tendo preferencia os empadroados no Concello de Meira e os membros de familias que xa sexan usuarios das Escolas Municipais.

Se houbesen máis solicitudes ca prazas crearase unha lista de espera coa que se irán cubrindo as posibles baixas. Tentarase de cubrir toda a demanda existente.

Artigo 3.- Inscrición.

Antes do inicio das actividades abrírase un período de inscrición. A mesma deberá realizarse nos modelos facilitados polo Concello. No caso dos menores de idade, a solicitude deberá ir firmada polo pai/nai ou titor do menor. Se o alumno padece minusvalía ou outros datos relevantes que podan incidir na práctica deportiva, deberá indicalo e aportar informe médico xunto coa ficha de matrícula. Recoméndase que todos os alumnos realicen previamente un recoñecemento médico que lle permita coñecer o seu estado de saúde.

Si se detectase falsidade intencionada nos datos aportados, o alumno causará baixa automaticamente, sen dereito a devolución da cota abonada.

As baixas tamén deberán comunicarse por escrito nas oficinas do Concello e ó monitor da actividade correspondente para, no seu caso, cubrir dita praza coas reservas correspondentes.

A inscrición nas Escolas Deportivas supón a aceptación do Regulamento das mesmas así como calquera cambio en canto á organización. Así mesmo levará consigo a autorización para a realización de fotografías e vídeos durante a realización da actividade e a súa posterior difusión por parte desta entidade.

A inscrición non leva implícito ter un seguro médico, xa que non existe na actualidade normativa legal que imponha ás entidades locais a asistencia sanitaria respecto ós deportistas que participen en programas deportivos municipais non federados, sendo o propio usuario o que correrá cos gastos médicos en caso de lesión ou accidente deportivo. O Concello conta con un seguro de responsabilidade civil que cubre as posibles incidencias

eventuais, que puideran desprenderse de ditas actividades.

Artigo 4.- Horarios, instalacións e profesorado.

Tanto os horarios como o lugar de realización das actividades e os profesores responsables de cada unha delas se indicarán ós alumnos antes do inicio da actividade.

O Concello reservase o dereito a efectuar as modificacións das instalacións, horarios ou profesorado que se consideren necesarias para un mellor desenvolvemento das actividades, sempre comunicándolle ditos cambios ós alumnos con antelación suficiente para non ocasionar molestias innecesarias.

Así mesmo, poderá suspenderse o inicio de aquelas actividades que non acaden un número mínimo de inscritos. Tamén poderán deixar de prestarse aquelas actividades que, durante a tempada, deixen de ter un número mínimo de alumnos.

As notificacións aos usuarios intentarán realizarse de forma directa polo propio profesor da actividade, e a través de anuncios no taboleiro de anuncios do Concello ou nas propias instalacións municipais. En calquera caso, os usuarios poderán realizar, verbalmente ou por escrito, as súas queixa, críticas ou suxerencias acerca do funcionamento do servizo nas oficinas o Concello ou aos profesores das actividades.

Artigo 5.- Material.

O material deportivo a utilizar nas distintas actividades será facilitado polo Concello, e só se poderá empregar nas clases correspondentes.

Os alumnos serán responsables do seu uso e mantemento e o profesor de cada actividade deberá comprobar ao final de cada clase que está todo en perfecto estado e deixalo gardado nos lugares establecidos para ese fin. En caso de que houbese algunha perda ou deterioro deberá comunicalo ó Concello para que se adopten as medidas pertinentes e se proceda á súa reposición.

Así mesmo, os alumnos tamén serán responsables dos danos causados intencionadamente nas instalacións onde se estean a realizar as actividades.

Artigo 6.- Normas de comportamento.

- Os alumnos deberán usar zapatillas e atuendo deportivo adecuado para cada actividade deportiva que se realice, de acordo coas indicacións do monitor correspondente.

- Por cuestións de seguridade recoméndase non levar xoias ou obxectos de valor. O Concello non se fará responsable, en ningún caso, da perda ou deterioro dos mesmos.

- Por consideracións pedagóxicas e organizativas recoméndase puntualidade na incorporación ás actividades.

- Con carácter xeral, os alumnos só poderán permanecer nas instalacións durante o horario establecido para a realización da actividade.

- Con carácter xeral, os pais, titores ou acompañantes, non terán acceso ás instalacións onde se desenvolven as clases, co obxecto de non entorpecer a organización e ensinanza das mesmas, non podendo interferir durante as clases nin ós alumnos, nin ós profesores.

Artigo 7.- Sancións.

Si se trata de pequenas incidencias, bastará con unha simple advertencia ó alumno ou a os seus pais ou titor. Si o tema é mais serio, o profesor comunicaráo no Concello para poder adoptar as medidas pertinentes.

Considéranse faltas leves:

- Non seguir as orientacións do monitor con respecto ó material e ós exercicios propostos para o desenvolvemento das clases.

- A actitude pasiva en relación á atención ou participación nas actividades programadas polos profesores nas clases.

- Actos de indisciplina, falta de respecto, provocacións, inxurias ou ofensas ós compañeiros, monitores,... de carácter leve: berros, silbidos, contestacións inapropiadas, insultos de palabra ou de feito, comentarios de mal gusto, carreiras, empuxóns e xogos violentos sen consecuencias graves, etc.

Considéranse faltas graves:

- O mal trato de palabra ou obra a outros usuarios, espectadores, profesorado.

- Causar danos graves de forma voluntaria ás instalacións, material ou equipamento das mesmas.

- A reincidencia nas faltas leves.

- Actos de indisciplina, inxuria, ofensas graves.

- Agresión grave física ou moral a compañeiros, profesor.

As faltas leves poderanse corrixir con apercibimento por escrito ou coa suspensión da actividade por parte do alumno por un período de 5 a 15 días.

As faltas graves poderanse corrixir coa suspensión da actividade por parte do alumno por un período comprendido entre 15 días e a expulsión definitiva.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e estará vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

En Meira, a 6 de outubro de 2008.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 04942

MONFORTE DE LEMOS

Edicto

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública do expediente de establecemento e aprobación provisional da Ordenanza Fiscal